

Artigo 2º.-*Actuación directa sobre os bens afectados.*

De acordo co previsto no artigo 10º do Decreto 13/2009, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes poderá actuar directamente sobre os bens afectados e reparar os danos incluídos no obxecto desta orde, utilizando os seus propios medios ou acudindo á contratación administrativa.

No suposto de que a execución dos traballos de reparación se fagan mediante contrato administrativo, resultará de aplicación o réxime previsto no artigo 4º do antedito Decreto 13/2009.

Artigo 3º.-*Requisitos, documentación e prazo.*

1. Para que poidan ser obxecto de reparación ao abeiro do previsto nesta orde será necesario que os danos na respectiva rede de estradas local e nos seus elementos funcionais e auxiliares de titularidade pública, sexan dunha contía igual ou superior a quince mil (15.000) euros, IVE excluído, por concello solicitante, debendo a alcaldía-presidencia achegar, xunto coa súa solicitude de reparación, un certificado emitido por quen desempeñe as funcións inherentes á secretaría xeral do Concello, no cal conste o contido do informe emitido por técnico competente e no cal se detallarán os danos e o orzamento das súas reparacións.

Xunto con documentación prevista no parágrafo anterior, tamén se achegará o compromiso municipal de poñer á disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes os terreos necesarios, os permisos e autorizacións pertinentes para a execución das obras de reparación, así como a obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación desta consellería, a súa explotación, mantemento e conservación.

2. Os concellos interesados en beneficiarse das medidas previstas nesta orde dispoñen dun prazo dun mes, contando desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, para formularen as súas solicitudes.

Artigo 4º.-*Créditos orzamentarios.*

As actuacións realizadas ao abeiro do previsto nesta orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>Contía</u>
08.03.512B.610.0	3.000.000 €
08.04.512A.608.0	500.000 €

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos preparatorios ás probas para acadar os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no ano 2009.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 15, do xoves 22 de xaneiro de 2009, é necesario efectuar as seguintes correccións:

-Na páxina 1.533, artigo 1º, parágrafo primeiro, liña terceira e cuarta, onde di: «nos niveis 1, 2 e 3», debe dicir: «nos niveis 1, 2, 3 e 4».

-Na páxina 1.535, no anexo II (Relación de cursos Celga ofertados), onde di:

EOI Vigo

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 1	Outubro 2009		17.30 a 19.30	Luns e mércores

debe dicir:

EOI Vigo

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 4	Febreiro 2009		19.30 a 21.30	Luns e mércores
Celga 1	Febreiro 2009		17.30 a 19.30	Luns e mércores
Celga 1	Outubro 2009		17.30 a 19.30	Luns e mércores

*Orde do 14 de xaneiro de 2009 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro público de educación e promoción de adultos de Pontevedra (Pontevedra).*

Tendo en conta o disposto no artigo 3 punto 1º do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

**DISPÓN:**

Autorizar o cambio de denominación do centro público de educación e promoción de adultos de Pontevedra que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**

Provincia: Pontevedra.  
Concello: Pontevedra.